

Normativa Interna de Adscrición
CITENI – Centro de Investigación en
Tecnoloxías Navais e Industriais

ÍNDICE

1. Introducción	3
2. Tipo de membros	3
3. Adscrición e deadscrición	3
4. Requisitos de adscrición de PDI	5
5. Proceso de avaliación de PDI	6
6. Listaxe de solicitudes e resolución	6
7. Beneficios dos membros do CITENI.....	7
8. Obrigas dos membros do CITENI.....	8
9. Disposicións derradeiras.....	9

1. Introducción

O Centro de Investigación en Tecnoloxías Navais e Industriais (**CITENI**) é unha estrutura organizativa propia da Universidade da Coruña (UDC) que comeza a súa actividade en outubro de 2021, partindo da estrutura do CIT creado no ano 2000, e que se alia coa Normativa de creación de centros de investigación da Universidade da Coruña (UDC), aprobada polo Consello de Goberno na súa sesión do 26/11/2020.

Con esta nova normativa preténdese complementar o Regulamento do centro, e detallar o proceso de adscrición/permanencia e avaliación dos membros do **CITENI**.

2. Tipo de membros

De acordo a normativa de creación de centros da UDC o **CITENI** distingue, segundo a súa categoría/situación profesional entre os seguintes tipos de membros.

PDI: persoal investigador doutor funcionario ou laboral fixo da UDC, catedrático/a de universidade ou escola universitaria, titular de universidade ou escola universitaria e profesor/a contratado doutor/a; persoal doutor con relación contractual coa UDC, profesor/a axudante doutor/a, CIS/asociado/a doutor/a, e doutores contratados con cargo a programas de recursos humanos competitivos (Ramón y Cajal, Juan de la Cierva, Beatriz Galindo, axudas á etapa posdoutoral da Xunta de Galicia, *MSCA Experienced Researcher*, *axudas POSTDOC InTalent e CIF* etc.) e doutores contratados como investigadores asociados con cargo a proxectos de investigación.

Investigadores en formación: persoal investigador matriculado nalgún programa de doutoramento da Universidade da Coruña que conte coa dirección ou codirección dun investigador/a adscrito ao **CITENI**.

Tecnólogos: Persoal técnico de xestión, laboratorio ou informático, e os que desempeñen as súas funcións no centro, e persoal contratado con cargo a programas ou proxectos de investigación para realizar tarefas de xestión ou de apoio á investigación (deberase distinguir entre persoal de xestión ou de investigación).

Investigador/a colaborador/a: persoal investigador doutras entidades que conte cunha probada traxectoria profesional de excelencia. Poderán ser propostos por un membro do PDI do centro ou do Comité Asesor Externo (SAB) e deberán contar coa aprobación expresa do Comité Interno de Dirección. Esta figura terá un carácter excepcional e o seu número non poderá superar o 20% do total de membros.

3. Adscrición e deadscrición

A adscrición a un centro realizarase de maneira individual, exclusivamente para efectos da actividade de investigación, desenvolvemento e innovación, e sen perda da adscrición ao departamento/facultade/escola e grupo de investigación a que pertenza nin menoscabo das súas obrigas. Ningún investigador ou investigadora poderá estar simultaneamente adscrito a máis dun centro de investigación. O Comité Interno de Dirección poderá autorizar en casos excepcionais a adscrición parcial a centros interuniversitarios

cumprindo as normativas vixentes.

O PDI, permanente e non permanente, así como as figuras derivadas das políticas de captación de talento posdoutorais que soliciten adscribirse ao centro (como Intalent, Beatriz Galindo, Ramón e Cajal etc.), deberano solicitar de maneira expresa e presentar a documentación que, no seu momento, a dirección do centro lle solicite. No caso de que o investigador pertencese a un centro de investigación antes de se adscribir ao novo centro deberá presentar o documento de desvinculación do centro saínte.

Para ser membro do **CITENI**, ademais de cumprir os requisitos de avaliación sinalados nesta normativa, deberase acreditar que a/as liña/s de investigación principais que está a desenvolver o investigador/a, e a súa produción científica asociada, se atopan no ámbito das Tecnoloxías Industriais e Navais, asemade deberán estar aliñadas coas áreas de investigación estratéxicas definidas polo centro.

As solicitudes de adscrición poderán presentarse ao longo de todo o ano. As solicitudes serán avaliadas polo Comité de Interno de Dirección ou unha comisión delegada designada a tal efecto sempre que haxa un mínimo de 5 candidaturas a avaliar o, de no ser o caso, cada seis meses.

A adscrición do persoal en formación e tecnólogos/as será responsabilidade do seu/súa director/a ou investigador/a principal, e será necesario que este persoal estea dado de alta no catálogo de investigación da UDC para poder formar parte do centro no momento da solicitude.

A adscrición terá unha duración mínima de catro anos, e unicamente poderá ser revogada polo Comité Interno de Dirección por causa debidamente xustificada.

O persoal de xestión e persoal contratado a cargo dos programas e proxectos estruturais do **CITENI**, como as Axudas de Centro de Investigación do SUG, Convenios coa Xunta de Galicia etc., estarán automaticamente adscritos ao centro sen necesidade de cumprir os criterios mencionados con anterioridade (pero co envío preceptivo do respectivo formulario de solicitude).

O Comité Interno de Dirección, de darse o caso, analizará de maneira individual situacións excepcionais que puideran presentarse e que non estean contempladas nesta normativa, apoiando as súa decisión nos órganos asesores que considere.

O Vicerreitor/a con competencias en Investigación certificará, cando sexa de aplicación, a pertenza ao **CITENI** dos membros adscritos.

A perda da condición de membro do **CITENI** prodúcese:

- a) Por renuncia expresa do investigador individual, que deberá ser aceptada polo Comité Interno de Dirección.
- b) Por resolución expresa do/a Vicerreitor/a con competencias en Investigación, a proposta do Comité de Dirección en caso de incumprimento grave dos compromisos científicos, éticos ou financeiros.

En calquera caso, a resolución ou acordo a que se refire o parágrafo anterior deberá pronunciarse de forma expresa sobre a liquidación das relacións científicas e económicas existentes entre o antigo membro e o **CITENI**.

- c) De mutuo acordo.
- d) Por perda da vinculación coa UDC.
- e) No caso de investigador/a colaborador/a de outras entidades, a perda da vinculación da Institución do orixe.

A dirección do **CITENI** deberá manter unha listaxe actualizada de membros adscritos ao centro.

4. Requisitos de adscrición de PDI

O PDI do **CITENI** serán avaliados no momento de solicitude de adscrición ao centro, debendo cumprir as condicións sinaladas polo **CITENI** a tal efecto, para ser efectiva a súa condición de adscrición.

Será obrigatorio cumprir polo menos un dos seguintes puntos para a adscrición, que deberán acreditarse documentalmente no momento da solicitude:

- Dispor dunha cualificación tipo A ou B en vigor, obtida na avaliación externa da actividade investigadora realizada pola Subdivisión de Coordinación e Avaliación (extinta ANEP) da Axencia Estatal de Investigación (AEI).
- Ser persoal investigador de programas de captación de talento ou ciencia excelente (ERC, Ramón y Cajal, Juan de la Cierva incorporación, Beatriz Galindo, atracción e retención de talento Xunta de Galicia, JIN, InTalent...).
- Ter obtido unha acreditación a TU ou CU nos últimos catro anos.
- Posuír cinco sexenios de investigación/transferencia.
- Ter un sexenio de investigación activo (salvo que se acrediten non telo, por non ter aínda a oportunidade de solicitalo), e cumprir necesariamente as dúas seguintes condicións nos 4 últimos anos:
 - Ter un mínimo de tres publicacións JCR, sendo polo menos unha delas dunha revista Q1.
 - Ter participado como mínimo en un proxecto público competitivo nacional ou internacional, ou nun contrato de transferencia.
- Acreditar, nos últimos seis anos, a autoría ou coautoría dunha patente en explotación.
- Ter dirixido, nos últimos seis anos, contratos con empresas para o desenvolvemento de actividades de transferencia con una facturación total superior a 30.000 €.

Os investigadores que non cumbran as condicións anteriores serán sometidas a unha avaliación máis exhaustiva. Para que esta avaliación se leve a cabo será obrigatorio cumprir polo menos un dos seguintes puntos, que deberán acreditarse documentalmente no momento da solicitude:

- Ter unha cualificación tipo C en vigor, obtida na avaliación externa da actividade investigadora realizada pola Subdivisión de Coordinación e Avaliación da Axencia Estatal de Investigación (AEI).
- Ter obtido unha acreditación a AXU-DR ou PC-DR, nos últimos catro anos.
- Cumprir necesariamente as dúas seguintes condicións nos catro últimos anos:
 - Ter un mínimo de tres publicacións JCR, sendo polo menos unha delas dunha revista Q1 ou Q2.
 - Ter participado polo menos nun proxecto público competitivo ou nun contrato de transferencia.
- Ter participado en polo menos tres contratos de transferencia liderados por un investigador do **CITENI** con una facturación total superior a 30.000 €
- Acreditar, nos últimos seis anos, a autoría o coautoría de patentes y/o rexistros de software. Os produtos rexistrados deben estar aliñados cos obxectivos do **CITENI**.

5. Proceso de avaliación de PDI

O PDI do **CITENI** será avaliado en períodos de catro anos, nunha soa data por período, independentemente do momento de ingreso ou adscrición.

Os requisitos que rexan para a avaliación serán os mesmos que apliquen para a adscrición, mencionados no anterior punto 4.

En caso de que un investigador non superara a avaliación, o Comité interno de Dirección emitirá a proposta de deadscripción de dito membro. De maneira extraordinaria, e de o considerar pertinente, o Comité Interno de Dirección poderá facer un seguimento intermedio da actividade dese investigador, co fin de ratificar ou non a proposta de deadscripción dese membro.

6. Listaxe de solicitudes e resolución

Todas as listaxes de solicitudes e resolucións serán publicadas. Os documentos que se publicarán son os seguintes:

- Listaxe provisional de solicitudes admitidas e excluídas cun prazo de dous días para emendar a posible falta de documentación.
- Listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas.

- Resolución provisional coa listaxe proposta para a adscrición e con aquelas solicitudes rexeitadas. Publicarase nun prazo máximo de 21 días naturais despois da data de finalización de presentación de solicitudes.

Contra esta resolución provisional abrírase un período de reclamación de 5 días que contará desde a data de publicación da resolución.

- Resolución definitiva transcorrido o prazo de reclamacións contra a resolución provisional.

7. Beneficios dos membros do **CITENI**

O persoal adscrito ao centro poderá:

I. Participar nas accións do centro.

O persoal adscrito ao centro poderá participar e ser beneficiario das posibles accións que se desenvolvan coma, por exemplo:

- **Ámbito de investigación:** programas de bolsas, axudas a asistencias a congresos ou estadias, proxectos asociados ao centro etc.
- **Formación:** cursos especializados e programas de formación transversais....
- **Proxección:** participación en grupos de traballo onde o centro estea a posicionarse, tanto a nivel nacional como internacional, por temática, interese científico ou tecnolóxico etc.

II. Participación dos fondos estruturais do centro

O persoal adscrito ao centro poderá ser beneficiario dos recursos económicos e materiais obtidos polo centro a través de axudas de carácter estrutural, como axudas de centro, infraestruturas científico-técnicas, convenios de colaboración con administracións, programas de recursos humanos como, por exemplo:

- Axudas para a realización de viaxes a congresos, estadias de investigación etc.
- Axudas para a mellora do impacto en publicacións científicas.
- Acceso a plataformas tecnolóxicas europeas estratéxicas para o centro.
- Apoio á solicitude de proxectos europeos, con posibilidade de contar cun servizo de consultaría externa.
- Participación en proxectos de investigación de convocatoria interna.
- Acceso a convocatorias de recursos humanos de carácter interno.

- Acceso ás infraestruturas científico-técnicas do centro.
- Apoio á divulgación da súa actividade investigadora, de formación, transferencia e innovación, etc.

III. Uso das instalacións

O persoal adscrito ao centro poderá ser, dentro da dispoñibilidade, beneficiario do uso das instalacións do centro.

IV. Apoio do persoal de xestión do centro

O persoal adscrito ao centro terá o apoio dado polo persoal de xestión pertencente ao centro en determinadas tarefas como, por exemplo:

- Apoio na xestión estratéxica de centro e captación de recursos competitivos.
- Apoio na formación e captación de talento.
- Xestión de indicadores de I+D+i do centro.
- Apoio ao posicionamento e internacionalización.
- Xestión do sistema de garantía de calidade e I+D+i
- Xestión de infraestruturas de investigación.
- Procura e formalización de accións de transferencia.
- Xestión económica das accións de transferencia.
- Promoción da I+D+i do centro.
- Difusión e divulgación de actividades científicas.
- Organización de eventos científicos (xornadas, seminarios, congresos).

8. Obrigas dos membros do **CITENI**

- I. Dispoñer de perfís científicos actualizados (ORCID etc.) , onde se consigne correctamente a filiación ao **CITENI**.
- II. Filiación: para calquera tipo de publicación e segundo as instrucións de filiación da UDC:
Nome (obrigatorio).
Universidade da Coruña, Campus Industrial de Ferrol, **CITENI**, (outros... departamento, facultade, grupo)
Campus de Esteiro, 15403 Ferrol, Spain
Como mínimo, a filiación do **CITENI** deberá aparecer reflectida na 3ª posición
- III. Proxectos e contratos de I+D+i: as solicitudes de proxectos de I+D+i a convocatorias da Xunta de Galicia, ao Plan estatal de I+D+i ou da Comunidade Europea deben facerse establecendo como centro o **CITENI** da UDC.

- IV. Documentación dos investigadores: os investigadores deben entregar en prazo e forma a documentación necesaria que se solicite desde a dirección do centro ou a oficina de xestión, para xustificacións, avaliacións, informes ou o que proceda.
- V. Publicidade: cumprir coas instrucións de publicidade ás que estea suxeito o centro segundo as fontes de financiamento estratéxico activo, e que serán facilitadas a medida que sexan de aplicación.

Na sinatura do correo electrónico e nas presentacións públicas haberá que incluír o logotipo do centro, que estará dispoñible na páxina web do **CITENI** (imaxe gráfica).

O **CITENI** dispoñerá de modelos de documentos para informes, memorias, presentacións, actas, etc., que cumpran coa normativa en materia de publicidade, e que serán facilitadas no momento da adscrición. Se estes modelos non se utilizasen como referencia, ao menos haberá que replicar a publicidade e o logotipo **CITENI** na presentación alternativa.

- VI. Normas: acatar e cumprir todas as normas e acordos ditadas polos órganos de Dirección, relativos ao funcionamento do centro.

En caso de que un investigador incumpra calquera das obrigas de maneira continuada, o Comité Interno de Dirección emitirá a proposta de deascrición de dito membro.

9. Disposicións derradeiras

O Comité Interno de Dirección poderá modificar e/ou actualizar esta normativa interna sempre que o considere, a partir das recomendacións feitas polo Comité Asesor Externo (SAB).

A presente normativa interna de adscrición estará en vigor en canto fórmense as comisións ás que se fai referencia no regulamento de réxime interno.